



**Concello de Mugardos**  
(A Coruña)

**8/2022. ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLO CONCELLO PLENO DE MUGARDOS O DIA 25 DE MAIO DE 2022.**

No Salón de Sesiões da Casa Consistorial do Concello de Mugardos, sendo as dezanove horas e trinta e tres minutos do día 25 de maio do ano dous mil vinte e dous, previa convocatoria e citación ó efecto, réunese o Concello Pleno en sesión ordinaria e primeira convocatoria, baixo a presidencia do alcalde-presidente D. Juan Domingo de Deus Fonticoba, con asistencia das/dos concelleiras/os Dna. Ana María Varela Bastida, D. José Miguel Mahía Prados, Dna. Begoña Roldós Iglesias, D. Jorge Manuel Kuntz Peiteado, Dna. Maria del Pilar Diaz Otero, D. Iván Martínez González, Dna. María Dolores González Lorenzo, Dna. María Irene Toimil Fernández, D. José Ángel Martínez Bardanca, Dna. Marta Ruiz del Ganso, D. Ignacio Fernández Fernández e D. Argemino Varela Filgueiras. Asiste tamén a interventora municipal Dna. Ana María Gómez Peña.

Actúa como secretario, o que o é da Corporación, D. David Veiga Sierra.

Aberta a sesión pola Presidencia, éntrase no estudo e discusión dos asuntos incluídos na orde do día, adoptándose os seguintes acordos:

**1.- DESIGNACIÓN DE NOVO/A SUPLENTE DO PRESIDENTE/A DA MESA DE CONTRATACIÓN PERMANENTE DO ÓRGANO DE CONTRATACIÓN PLENO DO CONCELLO DE MUGARDOS. EXPTE. 849/2022.**

**20 s:** Polo sr. Alcalde dáse lectura á denominación do presente punto da orde do día e faise unha breve exposición sobre o contido da proposta que se somete a Pleno. A continuación, e dado que ningún concelleiro/a solicita a intervención no presente punto da orde do día, somete o asunto a votación.

Sometido o asunto a votación, o Concello Pleno, tendo en conta a proposta formulada pola alcaldía en data 21.04.2022 así como o ditame da Comisión Informativa de facenda, persoal e participación cidadá realizada en data 05.05.2022, por unanimidade, ACORDA:

**Primeiro.-** Cesar como 1ª Suplente de Presidente/a á concelleira Dna. Begoña Roldós Iglesias.

**Segundo.-** Designar á nova 1ª Suplente da Presidencia/a da Mesa de Contratación permanente do órgano de contratación alcaldía do Concello de Mugardos ou Xunta de Goberno Local cando esta actúe por delegación da alcaldía, a Dna. Ana María Varela Bastida.

Quedando constituída, en consecuencia, a Mesa de Contratación permanente do órgano de contratación alcaldía do Concello de Mugardos ou Xunta de Goberno





**Concello de Mugardos**  
(A Coruña)

Local cando esta actúe por delegación da alcaldía, tal e como se relaciona de seguido:

**PRESIDENTE/A:** Juan Domingo de Deus Fonticoba.

1ª Suplente: Ana María Varela Bastida.

2º Suplente: José Miguel Mahía Prados

**VOGAIS:**

-O/A secretario/a da Corporación ou funcionario que o/a substitúa.

-O/A interventor/a municipal ou funcionario/a que o/a substitúa.

-O/A arquitecto/a técnico/a municipal.

**SECRETARIO/A:** Un/unha funcionario/a do Concello.

Titular: Beatriz Santiago Yáñez.

Suplente: Cristina Otero Taboada.

**Terceiro.-** Notificar o presente acordo á concelleira cesante e a nova concelleira designada.

**Cuarto.-** Dispoñer a publicación do presente acordo no perfil de contratante, de conformidade co artigo 326.3 e disposición adicional segunda, 7 da Lei 9/2017.

**Quinto.-** Publicar ademais, para dar maior difusión, a composición da Mesa de contratación no Boletín Oficial de la Provincia.

**2.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA PROPOSTA DE ADOPCIÓN DE BANDEIRA.**

**50 s:** Polo sr. Alcalde dáse lectura á denominación do presente punto da orde do día e de seguido dá a palabra ao concelleiro da área de facenda.

**- EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

**58 s:** Polo sr. Mahía Prados infórmase que o presente asunto se trae novamente a Pleno debido a que a primeira das propostas formuladas pola Comisión de Heráldica da Xunta de Galicia contiña un erro, e sinala que dende a Xunta de Galicia comunicaron ao Concello que había que comezar o trámite de corrección do erro padecido coa corrección que enviaron dende Heráldica.

**1 min 21 s:** Polo sr. Alcalde, e dado que ningún concelleiro/a solicita a intervención no presente punto da orde do día, sométese o asunto a votación. Tendo intención de adecuar debidamente a representación do actual brasón municipal e, ao propio tempo, dotarse dunha bandeira ou insignia municipal propia e





**Concello de Mugardos**  
(A Coruña)

acorde con aquel, este Concello, na sesión plenaria realizada en data 29 de decembro de 2021, acordou prestar aprobación á proposta de escudo e bandeira formulada pola Comisión de Heráldica da Xunta de Galicia, tra-la sesión realizada en data 19 de novembro de 2021.

Advertido pola Comisión de Heráldica un erro no texto do brasonamento da bandeira que no seu día se remitiu a este Concello; erro que foi provocado por unha incorrecta descrición do debuxo que no seu día se remitiu a ese concello por parte da Comisión de Heráldica.

Atendido que, polo tanto, cómpre reiniciar dende o principio o procedemento de aprobación da bandeira, coa descrición axustada á imaxe que se achega pola Comisión de Heráldica.

Tendo en conta a nova proposta de bandeira formulada pola Comisión de Heráldica da Xunta de Galicia en data 05.05.2022, obrante no expediente.

Visto o informe-proposta emitido pola secretaría municipal en data 24.11.2021, obrante no expediente.

E unha vez rematadas as intervencións, sométese o asunto a votación, e o Pleno da Corporación, vista a proposta formulada pola alcaldía en data 09.05.2022, obrante no expediente, e visto o ditame da comisión informativa de facenda, persoal e participación cidadá realizada en data 19.05.2022, por 9 votos a favor (5 PP, 3 PSOE, 1 BNG) e 4 abstencións (4 EU-SON EN COMÚN), e polo tanto, co quórum da maioría absoluta legal dos membros da Corporación (art. 47.2 letra e.) da Lei 7/1985), acorda:

**PRIMEIRO.** Aprobar a proposta de bandeira formulada pola Comisión de Heráldica da Xunta de Galicia, coa descrición axustada a imaxe que figura na proposta formulada pola citada Comisión en data 05.05.2022.

**SEGUNDO.** Proceder á publicación do acordo plenario no Diario Oficial de Galicia así como no Tablón de Anuncios do Concello, por prazo dun mes, para que os interesados poidan presentar as alegacións que consideren oportunas.

**3.- MOCIÓN PRESENTADA POLO VOCEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG PARA A CONCESIÓN DA MEDIDA DE GRAZA DE INDULTO A X. A. LÓPEZ PINTOS.**





**Concello de Mugarodos**  
(A Coruña)

**1 min 49 s:** Polo sr. Alcalde dáse lectura á denominación do presente punto da orde do día e a continuación dálle a palabra ao relator da moción.

#### **- EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.**

**2 min 01 s:** Polo sr. Varela Filgueiras faise un resumo do que é a exposición de motivos que deron orixe á presentación da moción e a continuación sinala que a moción o que pretende é instar tanto ao Goberno da Xunta de Galicia como ao Goberno do Estado a que fagan uso da figura do indulto, como así o recolle a Constitución; dando de seguido lectura aos acordos que se someterán a votación.

**4 min 57 s:** O sr. Alcalde pregunta se algún grupo quere intervir e dado que ningún concelleiro/a solicita a intervención no presente punto da orde do día somete o asunto a votación.

Rematadas as intervencións sométese a votación a moción presentada polo voceiro do Grupo Municipal do BNG para a concesión da medida de graza de indulto a X.A. López Pintos, e o Pleno da Corporación, por 8 votos a favor (4 EU-SON EN COMÚN, 3 PSOE, 1 BNG) e 5 votos en contra (5 PP), acorda prestar aprobación á moción e, en consecuencia, adoptar o seguinte acordo:

**1º.** O concello de Mugarodos insta ao Goberno Galego a que se dirixa ao Goberno do Estado a fin de solicitarlle con carácter inmediato que o Consello de Ministros acorde a concesión da medida de graza de indulto a X.A. López Pintos.

**2º.** O concello de Mugarodos insta ao Goberno do Estado a fin de solicitarlle con carácter inmediato que o Consello de Ministros acorde a concesión da medida de graza de indulto a X. A. López Pintos.

#### **4.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA NÚMS. 2022-0360 E 2022-0388.**

**5 min 17 s:** Polo sr. Alcalde dáse conta das resolucións da alcaldía números 2022-0360 e 2022-0388.

O Pleno da Corporación dáse por informado das resolucións da alcaldía que de seguido se indican:

▪ **Resolución da alcaldía núm. 2022-0360, de 21.04.2022, sobre “DESIGNACIÓN DE NOVO/A SUPLENTE DO PRESIDENTE/A DA MESA DE**





**Concello de Mugardos**  
(A Coruña)

CONTRATACIÓN PERMANENTE DO ÓRGANO DE CONTRATACIÓN ALCALDÍA DO CONCELLO DE MUGARDOS OU XUNTA DE GOBERNO LOCAL CANDO ESTA ACTÚE POR DELEGACIÓN DA ALCALDÍA”.

▪ **Resolución da alcaldía núm. 2022-0388, de 29.04.2022**, sobre “AVOCACIÓN DE COMPETENCIA POLA ALCALDÍA PARA A INCOACCIÓN DO PROCEDEMENTO DE RESOLUCIÓN DO CONTRATO DA EXECUCIÓN DA OBRA DE REFORMA E AMPLIACIÓN DA EIM AS LAGOAS, AO ABEIRO DO CONVENIO DE COLABORACIÓN CO CONSORCIO GALEGO DE SERVIZOS E IGUALDADE E BENESTAR. EXPTE. 543/2022.”.

**5.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DITADAS POLA ALCALDÍA E POLAS/OS CONCELEIRAS/OS DELEGADAS/OS DENDE O ANTERIOR PLENO ORDINARIO: RESOLUCIÓNS QUE VAN DENDE A NÚM. 2022-0360 Á 2022-0462, AMBAS INCLUSIVE.**

**5 min 28 s:** Polo sr. Alcalde dáse conta das resolucións ditadas pola Alcaldía e polas/os concelleiras/os delegadas/os dende o anterior Pleno Ordinario, resolucións que van dende a número 2022-0360 á 2022-0462, ambas inclusive.

O Pleno da Corporación dáse por informado das resolucións núms. 2022-0360 á 2022-0462, ambas as dúas inclusive, ditadas pola alcaldía e polas/os concelleiras/os delegadas/os, dende o anterior pleno ordinario.

**6.- ROGOS E PREGUNTAS.**

**5 min 39 s:** Polo sr. Alcalde dáse comezo á quenda de rogos e preguntas; quenda que dará comezo cos rogos e preguntas formulados polo sr. Varela Filgueiras.

**6 min 02 s:** Polo sr. Varela Filgueiras rógase que cando se desbroce se procure desbrozar un pouco todo e indica varios lugares onde sería preciso levar a cabo tarefas de desbroce. De seguido, o sr. Varela Filgueiras formula pregunta de resposta oral en relación a que tipo de dificultades ou problemas se atopan, a día de hoxe, para que non se podan comezar as obras de ampliación do cemiterio de San Xiao.

**7 min 45 s:** O sr. Alcalde, en resposta á pregunta formulada polo sr. Varela Filgueiras, di que no citado asunto hai varias cuestións. De seguido di que a primeira das cuestións é que a modificación puntual parte do ano 2012 e que houbo varios problemas con esa tramitación, e que a traba que hai a día de hoxe é que a interpretación que facían os técnicos municipais, ao respecto das normativas urbanísticas, non era igual que a que facía o Arzobispado, e que perante esa





**Concello de Mugardos**  
(A Coruña)

diverxencia optouse por facer unha consulta vinculante coa Secretaría Xeral de Urbanismo da Xunta de Galicia, a cal acaba de emitir informe ao respecto das discrepancias, o cal están analizando as técnicas municipais para poder facer elas os informes pertinentes, sinalando que se fará o que se marca nas directrices da Xunta de Galicia.

**8 min 58 s:** O sr. Varela Filgueira di que entende que, cando se estude o documento e se tomen as medidas que marque este ou as que realmente decidan as técnicas, as obras ou irán adiante ou non se poderán facer.


**9 min 19 s:** O sr. Alcalde resposta que a apreciación efectuada polo sr. Varela Filgueiras é correcta e de seguido dálle a palabra ao sr. Martínez Bardanca.

**9 min 32 s:** Polo sr. Martínez Bardanca formúlanse dúas preguntas de resposta oral. A primeira delas relativa a si nas obras que se están a executar en relación co expediente 1023/2022, denominado saneamento e beirarrúa Catro Camiños, se contemplou o soterramento da liña eléctrica, telecomunicacións e maila reparación do outro lado da beirarrúa. E a segunda pregunta relativa a si poden aclararlles que empresa e que traballos de mantemento no entorno da Praia da Bestarruza e O Seixo teñen previsto acometer de cara ao verán, máis aló da anunciada solicitude a Costas sobre o recheo de area.

**11 min 05 s:** O sr. Kuntz Peiteado di, en resposta á primeira das preguntas formuladas, que as obras consisten na reposición de elementos danados e que polo tanto non se contemplou o soterramento das liñas, indicando que os soterramentos de liñas encarecen moito as actuacións, pero que están abertos a futuras propostas de reparar o outro lado da beirarrúa ou soterrar as liñas. De seguido, e no que respecta á segunda das preguntas formuladas polo sr. Martínez Bardanca, di que na Comisión Informativa se dixo que se ía a falar con diversas empresas e que estas presentarán os seus orzamentos e que a máis vantaxosa e que cumpra as condicións levará a cabo as actuacións, e que os traballos a realizar consistirán no desbroce da parte municipal da praia e a achega da area, ademais dalgunha reparación de elementos que poidan estar danados.

**12 min 49 s:** O sr. Martínez Bardanca di que no que atinxe á Rúa dos Corzás estráñalles que cando hai algún veciño que quere facer obras ou un peche na súa vivenda un dos requisitos que se lle pide é que ten que soterrar as liñas e que neste caso o Concello fai obras e non fai o soterramento. De seguido di que non di que se faga o soterramento da liña pero que si que se podería deixar preinstalado o cable, e que tal vez habería que pensar un pouco máis as obras antes de facelas e facelas ben para evitar que dentro dun ano haxa que abrir outra vez a beirarrúa para soterrar as liñas. De seguido, o sr. Martínez Bardanca, en canto aos traballos na praia, di que entenden que faría faltar revisar e reparar a caseta de socorrismo, a cabina dos servizos e as duchas da propia praia.





**Concello de Mugardos**  
(A Coruña)

**14 min 40 s:** O sr. Kuntz Peiteado di que quere lembrar que as obras do Corzás se tratan dunha reparación e non dunha actuación nova, que non estaría contemplada nos orzamentos, e que con respecto aos elementos da praia que comentou o sr. Martínez Bardanca precisamente son os elementos que hai que mirar, como é o caso da porta dos servizos, a porta da caseta de salvamento ademais doutras cousas e algúns elementos das duchas.

**15 min 08 s:** O sr. Martínez Bardanca formula dous rogos, no primeiro deles roga que se sigan a poñer marquesiñas e no segundo roga que non se dilate máis no tempo e que no vindeiro pleno veña o convenio da piscina, dado que parece ser que este é un requisito previo para poder reparar a maquinaria e as deficiencias que ten a piscina.

**16 min 29 s:** O sr. Alcalde di, ao respecto do convenio, que está pendente da súa redacción por parte do secretario do Concello de Ares, que foi o que se acordou na mesa de seguemento e no que se insistiu estes días, e que de feito falou co secretario do Concello de Mugardos sobre este tema e están á espera de que remita o documento.

**16 min 55 s:** O sr. Martínez Bardanca di que o convenio leva tempo sen asinarse e que ademais eles tampouco van a ir ao Pleno do Concello de Ares a preguntar.

**17 min 03 s:** O sr. Alcalde di que el simplemente está a responder.

**17 min 08 s:** O sr. Martínez Bardanca di que si queren que falen eles co secretario do Concello de Ares.

**17 min 12 s:** O sr. Alcalde di que el está dando unha explicación para que saiba porque está parada a tramitación, e que en canto teñan o documento o someterán á comisión correspondente e ao propio Pleno. De seguido o sr. Alcalde dálle a palabra á sra. Ruiz del Ganso.

**17 min 41 s:** A sra. Ruiz del Ganso roga se poderían levar toda a documentación da Festa do Polbo á vindeira comisión.

**17 min 59 s:** A sra. Roldós Iglesias di que os expedientes que están abertos non se poden levar aínda, e que cando o expediente estea pechado poderase levar a comisión.

**18 min 10 s:** O sr. Martínez Bardanca di que queda un mes para as festas.





**Concello de Mugardos**  
(A Coruña)

**18 min 19 s:** A sra. Roldós Iglesias di que está todo montado pero que non está pechado o expediente, e que ata que non haxa unha adxudicación definitiva non estará pechado o expediente e non se pode levar a comisión.

**18 min 32 s:** O sr. Martínez Bardanca di que entón eles xa non poderán participar en nada, xa que simplemente van a vir pechados os expedientes.

E non habendo máis asuntos que tratar o Sr. Alcalde deu por rematada a sesión ás dezanove horas e cincuenta e dous minutos do día ao comezo sinalado, estendéndose a presente acta para constancia do acordado, e que asina o sr. Alcalde e da que eu, como Secretario Xeral do Pleno Municipal, dou fe; facéndose constar que as intervencións producidas durante a celebración da sesión quedaron recollidas nun documento (audio-acta) que forma parte da acta, no que á transcripción das intervencións se refire, e que se atopa custodiado no sistema informático do Concello de Mugardos, puidendo accederse ao mesmo a través da seguinte dirección de internet:

<https://actasesionesdigital.smartis.es/mugardos/visor.aspx?id=46>

Correspondendo ao seu contido o seguinte código de integridade (SHA-256):  
81599a3994aff201312ea7999824cca52dbd3397821af3d76e57c4f74eb04d35

Vº e praxe  
O ALCALDE

